


# PROTÉXETE DAS HUMIDADES !!!

## 1. A orixe da humidade ascendente


É un fenómeno de subida capilar

Os cimentos en contacto coas terras absorben a auga que migra por capilaridade nos muros. A humidade ascendente é especialmente devastadora. Crea problemas relacionados coa humidade en si, pero tamén deteriora os materiais e os acabados.




## 2. Tratamento e técnica


No chan, a humidade penetra nos muros por un fenómeno de subida capilar. Sales presentes no solo son arrastradas pola auga ós muros, despois migran e se cristalizan na superficie nas zonas de evaporación.




2.1. - Preparación dos muros: eliminar as partes deterioradas polas sales.



2.2. - Perforación dos orificios de inxección: distanciados de 12 a 15 cm e cunha profundidade mínima 3/4 de espesor do muro. Perforación nas xuntas a un nivel superior ó das terras.



2.3. - Inxección: a presión cun contador de paso



2.4. - Bloqueo de calquera nova humidade ascendente a partir das 48 horas. O desecamento do muro pode durar varios meses, segundo o tipo, o seu espesor, o contido da auga e as condicións ambientais interiores e exteriores.